

# SANXENXO

## MEMORIAS DO PASADO

Queremos compartir con todos vós este proxecto que xurdiu durante o confinamento, unha etapa que nos separou fisicamente de todos os nosos achegados, pero tamén nos deu o tempo necesario para retomar vellas amizades con ideas en común.

Está exposición, naceu dos recordos que compartimos da nosa infancia e mocidade, rodeados de rúas, prazas e praias, onde a xente gozaba e traballaba a partes iguais, e onde crecemos como persoas e familias.

Demos forma así, ás imaxes e sons que a nosa memoria gardou moitos anos con celo, e agora, grazas á axuda de familiares, amigos e veciños, animámonos a compartir e tentamos transmitirvos con todo o agarimo.

Convidámosvos, a veciños e visitantes, a compartir connosco esta parte esquecida deste pobo, que en definitiva é o punto de partida do que todos gozamos hoxe, Sanxenxo.



**DIBUJOS:**

**MARÍA TERESA DOPAZO SUEIRO**

**618 84 67 74**

**TEXTOS:**

**MARÍA ROSA TORRES LEMA**

**rlemat@hotmail.com**

ABELARDO RODIÑO  
SONIDO, IMAGEN, VIDEO Y EDICIÓN.

ANTONIO MARTÍNEZ "O PARAPETA"  
ATREZO

ANDREA MARTINEZ DOPAZO  
INTRODUCCIÓN DO TRÍPTICO

Mª JOSÉ GONZALEZ TABOADA  
TEXTO RÚA CARLOS CASAS



# SANXENXO

## MEMORIAS DO PASADO



**SALA NAUTA**

**PORTO DEPORTIVO JUAN CARLOS I**

**DO 11 AO 19 DE SETEMBRO 2021**

**HORARIO:**

**10:00h - 14:00h**

**16:00h - 20:00h**



#### Praia dos Barcos.

Se puidese lembrar escribiría sobre xente do mar que miraba constantemente ao horizonte, de peixe de talla inimaxinable, de cachalotes varados en terra. Falaría de estrelas de mar que alfombraban as ramblas e o peirao e de hipocampos e algas multicolores...

#### Playa de los Barcos.

Si pudiera recordar escribiría sobre gente del mar que miraba constantemente al horizonte, de pescado de talla inimaginable, de cachalotes varados en tierra. Hablaría de estrellas de mar que alfombraban las ramblas y el muelle y de hipocampos y algas multicolores...

#### Rúa a Unión.

Aquelas eran casas con adegas e falliados, con terrazas e hortas emparradas. Con grosos muros e finos tellados que deixaban pasar o son da choiva e os raios do sol.

#### Calle la Unión.

Aquellas eran casas con bodegas y fallados, con terrazas y huertas emparradas. Con gruesos muros y finos tejados que dejaban pasar el sonido de la lluvia y los rayos del sol



#### Paseo Praia de Silgar.

Silgar é pinceladas, matices e cores, é lingua salgada que lame a Ría. É pasado, presente, poesía. Silgar nunca é igual, é un lugar distinto cada día...

#### Paseo Playa de Silgar.

Silgar es pinceladas, matices y colores, es lengua salada que lame la Ría. Es pasado, presente, poesía. Silgar nunca es igual, es un lugar distinto cada día...